



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO.- Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección de dous/dúas peóns/oas forestais para o servizo de limpeza de montes (TR351G)**

**EXPEDIENTE: 2026/E001/00000**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000260**

Vista a proposta asinada dixitalmente pola instrutora no procedemento de selección para a contratación de dous/dúas peóns/oas forestais ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo que se transcribe literalmente a continuación:

*“DONA SONIA CAMPOS ARES, técnica xurídica do Concello de Carral e instrutora no procedemento de selección para a contratación de dous/dúas peóns/oas forestais para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, emite o seguinte informe-proposta en base aos seguintes*

### **ANTECEDENTES**

- *Resolución do 21 de abril de 2026 do director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se lle concede unha subvención a este Concello por importe de 36.015,66€, equivalente aos custos salariais para a contratación de dous/dúas peóns/oas forestais (axudante non titulado), para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios solicitada ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026).*
- *Decreto da alcaldía 213/2026, do 14 de maio de 2026, polo que se aprobaron as bases do proceso de selección para a contratación de dous/dúas peóns/oas forestais para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Resultado da selección emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia en relación coa oferta de emprego 12-2026-4282.
- Informe da responsable do rexistro do 28 de maio de 2026 coa relación de candidatos/as presentados nos cinco días hábiles habilitados ao efecto.

### INFORME

O Concello de Carral iniciou un proceso selectivo para contratar dous/dúas peóns/oas forestais logo da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

O artigo 14 das bases que regulan esta subvención establece os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras e, entre outros, establece que as persoas traballadores que se contraten deben ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego e estaren dispoñibles para o emprego así como que as persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprox Rural por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes, que é o caso de Carral.

Tendo en conta o anterior e analizadas as solicitudes presentadas no prazo habilitado ao efecto, esta informante **PROPÓN**

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte relación provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as aos postos de peón/oa forestal para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026 como segue:

### ADMITIDOS/AS PROVISIONALMENTE

NOME E APELIDOS	DNI	EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA
-----------------	-----	------------------------------------



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Liñares Uzal, José Antonio	***6483**	Si
Bermúdez Manteiga, Roberto	***1645**	Non
Bouzas Bao, Secundino	***8175**	Non

### EXCLUÍDOS/AS PROVISIONALMENTE

NOME E APELIDOS	DNI	EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	CAUSA EXCLUSIÓN
Vacas Iglesias, Pedro	***4193**	Non	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)
Poza Crespi, Gonzalo	***1408**	Si	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)
Doval Lodeiro, Pedro Alberto	***9516**	Non	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)

**Segundo.-** Elevar á alcaldía esta proposta para que se proceda á aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos e de acordo co parágrafo segundo da base sétima conceder aos interesados un prazo de dous días hábiles para correccións ou emendas nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

E isto é todo o que teño a ben informar-propor. ”

Á vista do informe proposta, que serve de motivación deste acto de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e ao abeiro da base sétima, parágrafo segundo, das que rexen este procedemento, **RESOLVO:**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**PRIMEIRO.**-Aprobar a seguinte relación provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as aos postos de peón/oa forestal para o servizo de limpeza de montes e silvicultura para previr incendios ao abeiro do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026 como segue:

### ADMITIDOS/AS PROVISIONALMENTE

NOME E APELIDOS	DNI	EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA
Liñares Uzal, José Antonio	***6483**	Si
Bermúdez Manteiga, Roberto	***1645**	Non
Bouzas Bao, Secundino	***8175**	Non

### EXCLUÍDOS/AS PROVISIONALMENTE

NOME E APELIDOS	DNI	EXENTO/A COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	CAUSA EXCLUSIÓN
Vacas Iglesias, Pedro	***4193**	Non	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)
Poza Crespi, Gonzalo	***1408**	Si	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)
Doval Lodeiro, Pedro Alberto	***9516**	Non	Non cumprir cos requisitos da base 3.5)

**SEGUNDO.**- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios do Concello, sito na web do Concello, para que no prazo de dous días hábiles improrrogables poidan emendar a exclusión ou omisión provisional xustificando o seu dereito á admisión.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**TERCEIRO.-** Dar conta deste decreto ao pleno e a Xunta de Goberno Local.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a Secretaria

José Luis Fernández Mouriño

Rebeca Vázquez Vázquez